



## Á ATENCIÓN DA ALCALDÍA DO CONCELLO DE ARZÚA

Rúa Santiago, 2

15810 Arzúa (A Coruña)

Estimado Alcalde,

Como Vde. sabe, Augas de Galicia vén desenvolvendo unha asistencia técnica co obxecto de prestar asesoramento técnico e supervisar a xestión das EDAR de Galicia mediante a realización de auditorías periódicas das condicións de funcionamento deste tipo de instalacións.

Cómpre sinalar que de acordo co artigo 27 da Lei de augas de Galicia é competencia das entidades locais o tratamento das augas residuais, a explotación e o mantemento das redes de sumidoiros, así como o control das verteduras ás redes de sumidoiros no marco do que ordene a normativa de aplicación ao respecto.

Deste xeito nas auditorías periódicas que realizamos avaliamos o funcionamento da EDAR competencia do Concello, independentemente que as tarefas de explotación e mantemento as realice o Concello directamente con medios propios ou ben por medio dunha empresa concesionaria.

Achegamos o informe correspondente ás auditorías realizadas durante o período en estudo, sendo os aspectos máis salientables os seguintes:

### EDAR de ARZÚA:

- No período de referencia tomáronse dúas mostras de auga bruta e dúas mostras de auga tratada. As dúas mostras de auga tratada cumpren os límites establecidos na Directiva 91/271/CEE. A mostra de febreiro cumpre os límites establecidos na Autorización de vertido, mentres que a mostra de novembro incumpe o límite establecido para o fósforo, cumprindo tódolos demais.
- A valoración da calidade global da EDAR é ACEPTABLE.
- Recomendacións:
  1. Recoméndase instalar as bombas de dosificación de cloruro férrico e a dosificación deste reactivo para poder cumprir o límite establecido na Autorización de vertido para o fósforo.
  2. Recoméndase incrementar a purga de cara a traballar con cargas máxicas maiores, xa que o traballo en cargas máxicas demasiado baixas pode ocasionar problemas como a proliferación de bacterias filamentosas.
  3. Recoméndase valorar a posibilidade de instalar unha batería de condensadores que compense este exceso e evite as devanditas penalizacións.

Atentamente,



Santiago de Compostela, 22 de marzo de 2016

Xefe do Departamento de explotación

Juan Pablo Barrio Martín